



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Urbanismo

Inicio procedemento de equidistribución do ámbito da UA-52

EXPEDIENTE.- 2022/U036/000002

Asunto: Inicio procedemento de equidistribución do ámbito da UA-52

Por Decreto Nº 2505/2022 de 19/07/2022 resolveuse iniciar o procedemento para a aprobación do proxecto de equidistribución do ámbito da UA 52 mediante o sistema de cooperación.

De acordo co artigo 267 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia publícase o inicio do expediente para o seu xeral coñecemento mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Notificarase individualmente o inicio do expediente aos titulares de dereitos afectados pola actuación proposta.

Así mesmo, estarase ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación ou ben intentada a mesma non se puidera practicar, sirva o presente anuncio de notificación coa finalidade e alcance que se contemplan no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 e outubro de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Entre as notificacións emitidas en data 20/07/2022, figuran con dirección descoñecida os seguintes titulares rexistrados:

Data Rexistro	Nº rexistro saída	Interesada/o	Notificación
20/07/2022	202200000005974	JUAN ANTONIO SANTISO VÁZQUEZ	Dirección Descoñecida
20/07/2022	202200000005980	ANDRÉS LÓPEZ CEDEIRA	Dirección Descoñecida
20/07/2022	202200000005981	MARÍA NAYA NAYA	Dirección Descoñecida

Asinado dixitalmente o 20/07/2022

D. Luís Alberto Castro Calvete

Concelleiro Delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

P Decreto 1923/2022 do 31/05/2022.

2022/4491